

En Cambados a 30 de Setembro do 2006.

Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega Pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF)

Hora: 17,00 1ª Convocatoria.

17,30 2ª Convocatoria.

Lugar: Avda. de Galicia, s/n. (antiga Comandancia de Mariña)
Cambados

ORDE DO DÍA:

1. Informe situación económica.
2. Informe de Xestións.
3. Resumo da tempada.
4. Seguros. Informe.
5. VIII Encontro de E.T. de Galicia.
6. Brest 2008. Galicia Convidada de Honra.
7. Participación no Salón Náutico de Barcelona.
8. Exposición do proxecto Fundación Pailebote Castelao.
9. Rogos e preguntas.

Comeza a Asemblea ás 17,30 en segunda convocatoria ó non haber o quórum necesario na primeira convocatoria ás 17,00 horas.

A mesa que preside a Asemblea está formada polos seguintes membros da Xunta Directiva:

Presidente:	Fernando Piñeiro Oubiña.
Vice-Pres. 1º	Francisco Fernandez Rei
Vice-Pres. 2º	João Paulo Moreira Batista
Secretario	Uxío Allo García
Tesoureiro	Javier Moraña Fontán
Vocal	Manuel Alonso Varela
Vocal	Arturo Loureiro Fernández.

Escusa a súa ausencia Oswaldo Davila, por razóns de saúde.

Asisten os representantes das seguintes asociacións pertencentes á FGCMF:

G. E. Mascato, A.Dorna Meca, A.C.D. Dorna, C. do Mar de Ferrol, C.M. Salnés, A. Dorna de Portonovo, Os Galos de Bueu, Mariñeiros de Bouzas, Barcos do Miño, Barcos do Norte, Amigos das Embarcacións Tradicionais da Coruña, A. Canle de Lira, Rompetimóns de Carril, Mar de Noia, A.C. de Vilaxoán, ACDX Fasquía e o Instituto de Estudos Miñoranos.

Asiste en calidade de ouvinte: o representante do vapor Hidria, Jacobo.

I- Estado de Contas:

O presidente, Fernando Piñeiro informa que o 50% das asociacións aínda non aboaron a súa cota do 2006. Ingresos que son necesarios para os gastos de xestión.

Tamén informa que a FGCMF conta cun remanente de 3.000,00 euros de sempre e que non foi usado a modo de gasto, pero si para financiar gastos consignados a outras partidas, así houbo

que afrontar os gastos das expedicións a Cadaqués e Málaga. Para estes eventos contamos coa axuda de 12.000,00 euros por parte da Consellería de Pesca que non foron aboados até o día de hoxe.

Cóntase, tamén, cos gastos pendentes de pago da póliza de Responsabilidade Civil para a organización das eventos (xuntanzas ou regatas) da Comisión de Navegación. Este gastos deberán estar cubertos polo remanente dos cartóns de navegante da FGCMF.

Están pendente de pagamento os gastos da edición da revista Ardentía nº3.

De todolos xeitos, e como fixan os estatutos da FGCMF, presentarase estado de contas detallado no mes de decembro. Hai que subliñar que toda vez que non se ingresaron cotas e houbo que facer fronte a pagamentos, o estado das contas é de case 0,00 euros.-

II. Informe de Xestións.

Boa relación (a normal) coa Consellería de Pesca, que concedeu axudas para os desprazamentos a Cadaqués (8.000,00€) e a Málaga (4.000,00€).

Á Dirección Xeral Xeral de Deporte da Consellería de Cultura presentóuselle un resumo das actividades desenvolvidas pola FGCMF.

A día de hoxe estase pendente dos resultados das negociacións para participar en Brest 08, onde asistirá a FGCMF, como responsable do espazo marítimo e patrimonial de Galicia.

Tamén se está a agardar algún tipo de axuda para poder participar no Salón Nautico de Barcelona nun espazo adicado á mariña tradicional.

Da Deputación de Pontevedra non hai noticias novas. Recordar que as axudas este ano na provincia de Pontevedra foron do 50%. Comparando co 80% de anos anteriores, teremos que aclarar esta redución.

A Deputación organiza cada dous anos unha xuntanza de embarcacións tradicionais, este ano foi en Bueu, a responsabilidade foi dos Galos. Non asistiu ninguén da administración na súa presentación.

Situación da revista ARDENTÍA:

O vicepresidente e membro do consello de redacción da revista, Paco Fernández informa da situación da revista, preocupante no eido do seu financiamento:

Ardentía nº 1: foi costeado integramente por Pesca, aproveitando o desprazamento a Douarnenez. Editáronse 1000 exemplares, e están practicamente esgotados. Acadouuse un remanente de 600 euros, pequeno toda vez que non houbo custo.

Ardentía nº 2: subvencionado por Pesca dentro das actividades desenvolvidas no VII Encontro de Cambados. Primeiros contactos con librerías en Santiago, Pontevedra, Vilagarcía, Ourense ..., onde está á disposición do público en xeral. Con este número comezouse a traballar con institucións (o Concello de Pontevedra adquiriu 100 exemplares, aínda sen aboar, o Museo do Mar de Galicia outros cen...).

Ardentía nº 3: custo de imprenta e composición é de 7.000,00€ está pendente de pago.

Subliñar que ningún dos colaboradores cobra nada. Tiráronse 1.500 exemplares, dos que 500 foron para a Consellería de Cultura que os foi distribuindo na travesía do "Barco da Memoria". Temos unha axuda de Cultura de 2.500,00 e non hai subvención de Pesca para este número, de xeito directo (aínda que se espera

polo remanente dos desprazamentos a Cadaqués e Malaga). Con todo, a edición deste número fíxose cos logos de Pesca e Cultura. O pagamento deste número terá que completarse co importe da venda das revistas. Rógaselle ás asociacións que levaron exemplares dos diversos números que fagan os ingresos correspondentes pois non se quere ir á imprenta co nº 4 sen ter pago o nº 3. Engade Paco que os membros de Mascato fixeron moi diversas presentacións dos tres números editados tanto en Galicia como en Portugal, que acudiron a todos os lugares onde as asociacións os reclamaron, que se aproveitou para vender exemplares, pero que o total das vendas, sen retirar ningunha porcentaxe para o Etnográfico Mascato, ingresáronse na conta de Publicacións da FGCMF.

Xa está proxectado o nº4, adicado integramente á muller mariñeira. Paco fai fincapé en que a revista é unha publicación de tódolos membros da FGCMF, polo que está a disposición de calquera traballo e proposta, independentemente de que até agora quen máis traballe sexan socios do Grupo Etnográfico Mascato a quen no seu día a Federación encargou a edición de Ardentía.

Tamén se dá conta dunha actitude non moi positiva entre a maioría dos colectivos, que sen poder definir, podería traducirse nun desleixo que non favorece nada a publicación e que por outra banda contrasta co esforzo, desinteresado, que se desenvolve para acadar unha revista destas características

III Resumo da Tempada.

Cómpre destacar que tódolos fins de semana deste verán estiveron ocupados con actividades das asociacións da FGCMF. Con todo, existiu unha pequena desorganización no feito de superpoñérense eventos nas mesmas datas, aínda que ás veces sexa inevitable.

En CADAQUÉS na I Festa de la Mar cumpríronse sobradamente os obxectivos da FGCMGF, aínda que foi unha mágoa que fora imposible navegar polas condicións climáticas adversas.

En MÁLAGA a presenza non foi tan numerosa, con todo a presenza galega foi relevante en tódalas actividades organizadas: demostración de artes de pesca, cun lance do xeito. Asistiuse á inauguración dunha rúa, ofrendas florais á Virxe , navegación e animación na rúa co grupo de música tradicional que se compuxo entre os asistentes.

Con isto queda patente a importancia da presenza da FGCMF nos encontros de embarcacións tradicionais doutras comunidades do Estado español. A federación constitúe un referente importantísimo para outras colectividades peninsulares, en pro da creación dunha conciencia común a favor da conservación do patrimonio marítimo e fluvial e a preocupación pola falla de lexislación que permita a conservación da nosa cultura e que trate de poñer fin ó seu ataque indiscriminado.

Festa do Mar de Combarro 2006: A Directiva da FGCMF, quere manifestar que non se posicionou ante o anuncio de anulación da convocatoria de Combarro, por parte do membro da Federación convocante do evento. A maioría das asociacións non acudiron á xuntanza solicitando información, mais a FGCMF non tomou parte nas decisións polo que tampouco está en disposición de dar ningún tipo de explicación.

IV Situación dos seguros. Informe.

Seguro de Responsabilidade Civil:

A aseguradora é a Banco Vitalicio, cun custo total aproximado os 1.000,00 €, cobre a maior parte dos acontecementos que celebran as asociacións: Xuntanzas e regatas. Exclúense as regatas sociais, aquelas que organiza cada asociación exclusivamente cos seus asociados.

O seu financiamento depende da sección de navegación e para isto recollerá fondos do seguro de navegante e excedentes da organización do Trofeo Galicia de Dornas a Vela.

Seguro Individual de Accidentes. Cartóns de navegante:

Informa o encargado da sección, Arturo Loureiro. Este ano 2006, formalizaron o cartón 229 navegantes que tiñeron unha cuota anual de 10 por persoa. Esta cifra pódese considerar como moi boa, pero tamén somos conscientes de que se pode mellorar.

V-. Candidaturas para o VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, ano 2007:

Presentación verbal de dúas candidaturas:

A)- ASOCIACIÓN MARÍTIMA E CULTURAL VILAXOÁN

B)- CLUBE DO MAR DE FERROL

A)- ASOCIACIÓN MARÍTIMA E CULTURAL VILAXOÁN.

Tino Brianes, presidente de Vilaxoán, anuncia o desexo da súa asociación de recoller a convocatoria, polo momento conta co apoio do concello, aínda que non teñen un anteproxecto.

B)- CLUBE DO MAR DE FERROL

Fai a exposición o seu presidente Bernardo Máiz que explica que o Clube do Mar de Ferrol conta con 1250 socios repartidos en diferentes seccións: pesca, mergullo, vela cruceiro e vela tradicional. A sección de vela tradicional é a que acode á convocatoria para a organización do VIII Encontro. Cóntase co compromiso de tres concellos: Fene, Mugardos e Ferrol.

Fixéronse os primeiros contactos coas distintas entidades:

- Autoridade Portuaria
- Armada Española (Museo Naval da Mariña)
- Asociación Ferrol Metrópoli
- Confraría de Pescadores de Mugardos
- Deputación da Coruña
- Universidade da Coruña-
- Ateneo Ferrolán
- Clube de Prensa de Ferrol
- Ou empresas privadas como Decathlon.

Aínda non se contactou con patrocinadores ata que non teñan concedida a candidatura. Non presentan anteproxecto, mais propónse como obxectivo ampliar o último modelo de Cambados 2005.

Un dos seus fins primordiais é potenciar o desenvolvemento de iniciativas a prol da cultura tradicional mariñeira no Norte da comunidade galega.

Fernando Fernández, da asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais da Coruña manifesta o seu apoio a esta candidatura de Ferrol.

Fanse consideracións sobre a urxencia de decidir o lugar do vindeiro encontro para entrar nos orzamentos da administración; e por outra banda, para podermos facer unha primeira presentación no Salón Náutico de Barcelona entre os días 3 e 12 de Novembro do presente 2006. A proposta da Xunta Directiva acórdase que as dúas candidaturas presenten un anteproxecto todo máis tardar o 14 de outubro para que o 28 de outubro se poida celebrar a asemblea para dicidir.

NESTE MOMENTO QUEDA CONVOCADA ASAMBLEA EXTRAORDINARIA QUE INCLUIRÁ OBLIGATORIAMENTE O PUNTO DA RATIFICACIÓN DA CANDIDATURA DO VIII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA PARA O VINDEIRO DÍA 28 DE OUTUBRO.

VI.-BREST 08.

A Consellería de Cultura e Deporte é a depositaria da invitación, Galicia será convidada de honra en Brest 08, despois de negociacións e contactos coa anterior e a presente Directiva da FGCMF. Agora que debe quedar claro que a invitación é para a Consellería de Cultura e Deporte.

Xa houbo contactos de representantes da FGCMF con representantes da Xunta de Galicia e a organización Brest 08, o 8 de Agosto, a bordo da "Recouvrance" na Coruña.

Asistiron a reunión pola federación: Fernando Piñeiro Oubiña, Francisco Fdez. Rei e Dionisio Pereira. Tamén asistiron Pablo Carrera polo Museo de Mar de Galicia e Xose A. Fdez. Rojo pola Consellería de Deporte. Por Brest 08, o alcalde e directores e subdirectores do proxecto así como outros membros da alcaldía e os asesores Anne e Jaquez.

Tratáronse temas xerais de definición da participación e dos compromisos que deberían asumir as partes (Xunta e alcaldía de Brest así como a FGCMF no dos barcos). Defínese un calendario previo de reunións para concretar a participación galega. Queda fixado un desplazamento a Brest para primeiros de Outubro, ó que asistirán a FGCMF, Xunta de Galicia e Museo do Mar de Galicia (en calidade de asesor).

Polo pronto e coa intención de dar forma a este desprazamento o vindeiro día 02 de outubro estamos convocados a unha reunión en Santiago para definir o proxecto de participación de cvara a Brest 08

A Consellería convoca para o día 2 de Outubro do 2006 ós seguintes entes para a constitución dun comité organizador:

- Dirección Xeral para o Deporte
- Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Turgalicia
- Galicia Calidade
- Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial

Fernando Piñeiro, presidente da FGCMF, viaxará a Brest os días 4 e 5 de Outubro para tratar directamente tódolos aspectos da representación galega.

Consideracións e problemáticas:

Na proposta de Cultura falta a participación de Pesca, feito que advirte a FGCMF, pois xa fixera a proposta da súa inclusión. Non se dá resposta a esta suxestión por parte de Cultura.

Infórmase de datas e acontecementos onde probablemente deberá estar a FGCMF. Por mor da visita a Brest e mesmo do VIII Encontro. Así para a promoción destes eventos será necesario concorrer a citas como:

- Salón Náutico de Barcelona (4 nov.06, nov.07)
- Salón Náutico de París (dec.06, dec.07).
- Fería Internacional de Turismo de Lisboa 2007
- Salón Náutico de Vigo 2007
- ...etc.

A FGCMF. acudirá en función das súas posibilidades.

Durante as diferentes reunións coa administración o presidente sinala o esforzo que se realiza por facerlle chegar as necesidades de infraestruturas das asociacións.

A propósito deste comentario, dende a Directiva, solicítase a concorrencia de voluntarios para a configuración dunha "comisión" que se adicaría a promover diálogos e acordos de compromiso coas autoridades portuarias ou aquelas que fora necesario.

VII-. Salón Náutico de Barcelona, do 4 ó 12 de Novembro 2006: Desenvolverá un espazo expositivo denominado "Marina Tradicional", segundo tres temáticas: unha zona para asociacións por áreas xeográficas (Galicia, Euzkadi, ...) onde a FGCMF contará con 3x5 m²; outra zona para a exposición en seco de embarcacións tradicionais e representación de entidades que xestionen actividades de recuperación do patrimonio marítimo tradicional, e un terceiro espazo para estaleiros e empresas de recuperación de embarcacións.

A FGCMF intentará participar coas exposicións do patrimonio e a dos 10 anos da federación, ademais solicitarase a axuda a Barcas do Minho para acudir con algún dos seus traballos. Tamén se pide o préstamo de todo tipo de maquetas para acompañar a área de estaleiros. Levarase como tipoloxía de embarcación.

Solicitarase unha axuda para sufragar os gastos de dúas persoas que cubran tódalas xornadas e o desprazamento. Así como os da Xunta Directiva para as xornadas coa prensa.

VIII-. Fundación Pailebote Castelao.

Por parte da comisión que está xestando a reacción da Fundación pailebote Castelao, recibese unha solicitude de apoio da FGCMF. para o proxecto, que vén asinada por Xaquín Lopez Cuiñas, expresidente da FGCMF.

Dita solicitude é lida polo presidente da FGCMF e no remate fan presenza na Asamblea os dous representantes do proxecto, Xaquín Lopez e Ignacio Bastos (Nacho). Nacho, presenta a iniciativa de construír un Buque Escola que poida representar a Comunidade Galega, a imaxe doutras iniciativas xa en marcha noutras comunidades como Cantabria. Para a viabilidade do proxecto plantexa a creación dunha fundación ou padroado avalado pola administración (Industria, Cultura, Pesca, ...), no que a FGCMF debería de formar parte dun comité de asesoramento. A embarcación estaría rematada para o ano 2009, despois de 2 anos. O proceso de construción, baixo un estaleiro recuperable, desenvolvería un primeiro programa de dinamización e divulgación da carpintería tradicional. Ademais o anteprojecto inclúe unha campaña de actividades a cinco anos.

Para a impulsión deste proxecto solicita unha carta de apoio asinada pola FGCMF, e o nomeamento dun interlocutor entre a federación e o grupo activador deste proxecto.

A asemblea apoia o proxecto.

X-. ROGOS E PREGUNTAS:

A) Os Amigos das Embarcacións Tradicionais da Coruña fan entrega a Uxío Allo, como representante da Asociación Cultural Dorna da Illa de Arousa, dun trofeo como participante na súa concentración de embarcacións, a pesar de non poder participar no evento por coincidir no momento, de extrema gravidade, en que as Rías Baixas estaban assoladas polos incendios forestais e os membros da Escola de Navegación da Illa participaban activamente na vixilancia dos montes.

B) O Equipo de Educación Ambiental do CEIDA, en escrito dirixido á FGCMF expón: Que estando a piques de sacar a oferta divulgativa das actividades de Educación Ambiental para escolares e asociacións. Entre diferentes actividades dispoñen de 3 exposicións itinerantes en préstamo, dúas delas sobre o medio mariño: Prestige, Crónica dun modelo enerxético insostible e Áreas Mariñas Protexidas, cun un formato similar ás exposicións da FGCMF.

Dado que a demanda dos centros educativos é moi alta, polas dúas partes, entre o CEIDA e a FGCMF, sería moi interesante chegar a un convenio que coordine o movemento da exposición sobre o patrimonio, que incrementaría a actividade e lle daría máis difusión á exposición da federación.

A asemblea apoia a sinatura da colaboración e cesión da Exposición, a pesares de non estar incluído na orde do día.

C) A Asociación Mar de Noia, expón: Que está moi molesta porque aínda non se lle aboaron gastos acordados (coa FGCMF.) para a montaxe dunha exposición no Pavillón dos Museos, no VII Encontro de Cambados. Non tanto pola cuantía económica (pouco máis de 300,00 € en gastos de transporte das pezas), senón porque, ata o día de hoxe, non recibiron ningún tipo de información sobre a forma de pagamento ou a resolución do problema. E propón como solución que esta débeda se invista en aboar as cotas de Mar de Noia respecto á federación.

Ó que respostan por alusións Fernando Piñeiro e Xaquín Lopez, membros da comisión organizadora Encontro e o segundo tamén na calidade de presidente da FGCMF nesas datas. Dese gasto se fixera cargo o Museo do Mar de Vigo, ó igual que de tódolos gastos do pavillón dos Museos e en calquera caso era un tema responsabilidade da Comisión do Encontro, non da Federación. Fdez. Rei presidente da Comisión do VII Encontro e presente así mesmo, manifesta descoñecer o problema.

Fernando, como presidente da FGCMF e membro da Comisión do VII Encontro, manifesta que están sen pechar as contas, do mesmo, toda vez que non se recibiron todos os cartos que estaban comprometidos (a Deputación de Pontevedra retirou 6.000 euros do que importe inicial que dixera).

Mar de Noia, no afán de solucionar o problema propón a Asemblea, e esta acepta a seguinte proposta: **que se lle dean por pagadas as cotas da FGCMF. polo tempo equivalente ás anualidades que igualen o importe dos gastos pendentes de aboar pola Comisión do Encontro.**

A asemblea non se define sobre se estes cartos deberán ser reclamados á Comisión dos VII Encontros.

Por outra banda, para rematar, Mar de Noia quere anunciar a próxima grande exposición a organizar pola asociación na catedral de Santiago, no claustro alto do seminario menor, para todo o mes de decembro e metade de xaneiro.

D) Polo Instituto de Estudos Miñoranos (IEM.), Xosé Lois Vilar, pregúntalle a Paco Fernández Rei se sabe se o Museo do Mar de Galicia vai presentar un proxecto á convocatoria de axudas da Fundación Barrié, que teñen como prazo o vindeiro 31 de Outubro. No IEM pensaran en acudir a esa convocatoria cun proxecto de microtoponimia marítima, pero que tería que ser a través da FGCMF porque os do IEM, segundo as bases, non podían presentarse porque xa recibiran unha axuda para outro proxecto. Paco responde que, polo que l sabe, segue en pé a idea de presentar a esa convocatoria da Barrié un proxecto dun atlas do patrimonio costeiro de Galicia, ideado polo Museo do Mar de Galicia e no que tamén participan o Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago, o Colexio de Arquitectos de Galicia e o CESGA. Paco engade que o ILG, institución da que el é o representante nese proxecto, xa indicou que debe contemplarse a recollida da microtoponimia do litoral.

Queda pendente de valorar, na próxima assemblea extraordinaria do 28 de Outubro 2006, a posibilidade de apoiar un proxecto de recolleita de microtoponimia da costa e das ribeiras de Galicia a proposta do IE Miñoranos.

E) Fernando Fernández, Amigo das Embarcacións Tradicionais da Coruña, pregunta polos traballos ou conversas no tema da lexislación e execución de desguaces.

Fernando Piñeiro, respóndelle que o día de hoxe é unha fronte aberta e por desgraza parado, aínda que a tranquilidade está na manifestación expresada na Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros polo seu representante Sr. Cabirta, de que ditos desguaces están conxelados.

Tamén este é un punto no que se coincide na Confederación Iberica e que probablemente se fagan movementos conxuntos.

Recorda F. Piñeiro que no seu día se expresou a necesidade de realizar unha argumentación por escrito da necesidade da conservación e protección das embarcacións, sinalándose mesmo a Antón Pais ou Dionisio Pereira como persoas axeitadas para facer dita reflexión.

ÁS 21:00 HORAS DÁSE POR REMATADA A ASEMBLEA XERAL ORDINARIA.
Cambados a trinta de setembro de dous mil seis.

Asdo.

Uxío Allo García

Vº praxe,
Fernando Piñeiro Oubiña